

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	30 de xullo de 2020
Duración	Desde as 21:05 ata as 23:56 horas
Lugar	Salón de Sesións
Presidida por	Fátima Abal Roma
Secretario	Miguel Rodríguez de Vicente - Tutor

ASISTENTES (16):

PSDG-PSOE (4): D^a María Cruz Leiro Peña, D. Samuel Lago Ozón, D^a Milagros Martínez Piñeiro e Sra. Alcaldesa.

SOMOS CAMBADOS (3): D. Xurxo Charlín Trigo, D. Constantino Cordal Rodríguez e D. Fernando Patricio Rey

B.N.G. (2): D. Víctor Manuel Caamaño Rivas, D^a Mariel Oubiña Vázquez.

P.P. (6): D. Luís Aragunde Aragunde, D^a María Isabel Fole Trigo, D^a María del Mar Núñez Chaves, D^a Silvia Fernández Pérez, D^a Sonia Agra Piñeiro, e D^a Nerea Pintos Castro.

CAMBADOS PODE (1): D. José Ramón Abal Varela.

NON ASISTEN: (1) D. Juan Ramiro Gómez Blanco.

Celébrase a sesión sen público por mor das medidas de seguridade e distanciamento social derivadas da crise sanitaria da pandemia da Covid-19.

Con carácter previo ao inicio da sesión Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) di que nas Comisións Informativas planteouse a posibilidade de adiantar os Plenos cando exista un número importante de mocións para facilitar o seu debate.



A Sra. Alcaldesa di que para axilizar os Plenos hai que respetar os tempos establecidos no Regulamento Orgánico.

Manifesta que se o Sr. Abal Varela quere plantear esa cuestión pode facelo presentando un escrito por Rexistro para o pronunciamento do Pleno, que é o órgano competente para a súa toma en consideración.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) solicita que se entregue toda a documentación a oposición con antelación suficiente á celebración dos Plenos.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día,

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación das actas das sesións celebradas os días 21-maio-2020 (Expte. PLN/2020/4), 28-maio-2020 (Expte. PLN/2020/5), 15-XUÑO-2020 (Expte. PLN/2020/7) e 16-xullo-2020 (Expte. PLN/2020/8).-

Dáse conta das actas das sesións celebradas os días 21 de maio, 28 de maio, 15 de xuño e 16 de xullo de 2020.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda préstalles a súa aprobación.

2.- Expediente 2558/2020. Aprobación do Plan Económico Financeiro 2020-2021.-

O Sr. Secretario da conta do ditame, favorable da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo por dous votos a favor dos concelleiros de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e cinco abstencións dos grupos municipais do PP, BNG e grupo mixto Cambados Pode do seguinte tenor literal:

“Visto o Plan Económico-Financeiro do Concello de Cambados para o período 2020-2021, que trae causa do incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto na Liquidación do orzamento 2019, postos de manifesto no Informe emitido por Intervención con data 13/07/2020.

Considerando que o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto obriga a esta Entidade Local a realizar un Plan Económico financeiro, segundo o artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento dos referidos obxectivos, co contido e alcance previstos no devandito artigo.

Considerando que o plan económico-financeiro elaborado pola Entidade Local deberá ser aprobado polo Pleno da Entidade, de conformidade co artigo 23.4 Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril e será presentado ante o Pleno no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento.

Visto o Informe de Intervención de data 16/07/2020, teño a ben propoñer á Comisión de Facenda a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o Plan Económico-Financeiro do Concello de Cambados para o período 2020-2021 nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante



do presente Acordo.

SEGUNDO. Remitir o Plan á Comunidade Autónoma (Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro) e ao Ministerio de Facenda a través da plataforma habilitada o efecto na Oficina Virtual de Entidades Locais do mencionado Ministerio. O Plan deberá ser tamén remitido á Comisión Nacional da Administración Local para o seu coñecemento.

TERCEIRO. A efectos meramente informativos, publicar anuncio de aprobación do Plan Económico-Financeiro no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Así mesmo, unha copia do Plan estará a disposición do público dende a súa aprobación ata a finalización da súa vixencia na sede electrónica desta Entidade Local.”

O Sr. Charlín Trigo da lectura á seguinte intervención,

O artigo 21 da Lei Orgánica de Estabilidade Presupostaría e Sustentabilidade Financeira, considerada como obsoleta por moitos concellos e de distinta cor política, recolle que no caso de incumprimento da regra de gasto e estabilidade orzamentaria, a administración que o incumprira formulará un Plan Económico-Financeiro que permita, no ano en curso e no exercicio seguinte, o cumprimento da norma.

Porén, constatado pola Intervención Municipal o incumprimento da regra de gasto e de estabilidade orzamentaria na liquidación do Orzamento correspondente ao exercicio 2019, procedeuse á elaboración do presente Plan Económico Financeiro 2020-2021 dentro do prazo legal establecido.

O Plan Financeiro parte do incumprimento da denominada regra de gasto e de estabilidade orzamentaria, que é debido, tal e como se expón no mesmo, a motivos conxunturais, e sen que en ningún momento este incumprimento puidera significar desequilibrios en termos de capacidade de financiamento.

Segundo os datos do departamento de intervención municipal, o Concello de Cambados pechou o exercicio 2019 cun resultado orzamentario positivo de 242.162 euros, e un remanente de tesourería de 83.134 euros. Ademais, cabe destacar que a 31 de decembro de 2019 contaba cun saldo bancario de 1.238.249 euros e que nese exercicio o período medio de pago a provedores foi de 20 días.

Estes datos fan concluír, como así o indica o departamento de intervención municipal no seu informe, que a situación financeira do Concello de Cambados e adecuada e cumpridora cos principios xerais contables, “sen que existan tensións de tesourería” nun informe no que se analizou a execución orzamentaria nos últimos tres exercicios (2017 a 2019) así coma os datos arroxados pola execución orzamentaria do exercicio actual (2020).

A situación económica e financeira do Concello mudou drasticamente dende o ano 2015, reducindo o período medio de pago a provedores, de tal xeito que, mentres fai anos estes tiñan que agardar varios meses para poder cobrar as facturas, agora cobran en menos dúas semanas, algo que agradecen moito as empresas locais que prestan servizos municipais, ademais o Concello de Cambados presenta un saldo nas contas bancarias de máis 1,2 millóns de euros de liquidez, que triplica os pouco máis de 400.000 euros que había en 2015 no banco, o Concello presenta unha débeda bancaria de 560.000 euros, un importe similar a que mantén con provedores que ascende a un importe de 590.000 euros, moi lonxe dos máis de 2,4 millóns de euros de débeda bancaria e dos 1,3 millóns de débeda con provedores existente en 2015. En cinco anos reduciuse a débeda do Concello de Cambados en máis de 2,6 millóns de euros, tanto cos bancos coma cos provedores e triplicouse a liquidez das contas bancarias de catrocentos mil euros a 1,2 millóns de euros. Sendo a morosidade cos provedores deste trimestre unha das máis baixas que consta nos rexistros de tesourería.



Desta maneira, mentres que outros Concellos tiveron que acudir a financiación externa, mediante prestamos ou anticipos de caixa, para poder financiar as contas municipais durante os meses que durou o estado de alarma do COVID-19 pola falta de ingresos, o Concello de Cambados reducía a morosidade e o período de pago a provedores a mínimos dende que hai rexistros, e logrouse sen que existirá ningún tipo de tensión de tesouraría. Algo que sería imposible no 2015 cun saldo na conta do banco de pouco máis de 400.000 euros e debendo a provedores e bancos máis de 3,7 millóns de euros.

A pesar de obter estes datos positivos no 2019, o Concello vese obrigado a redactar e aprobar un Plan financeiro para dar cumprimento coa obsoleta Lei "Montoro", debido a que no exercicio 2019 non se axustou o gasto computable en varias partidas económicas e polo tanto non se cumpriu coa "regra de gasto e de estabilidade orzamentaria", tendo polo tanto que presentar neste Pleno un Plan Financeiro.

A proposta do Plan contén as determinacións que recolle o amentado artigo 21.2 da Lei Orgánica de Estabilidade Presupostaría e Sustentabilidade Financeira, sen que sexa necesario a adopción de ningunha medida excepcional, toda vez de acordo coas proxeccións realizadas neste PEF para 2020 e 2021, tanto na liquidación de 2020 como a do 2021 esperase dar cumprimento tanto ao principio da regra de gasto, de estabilidade orzamentaria e de débeda sen ter que tomar medida algunha. Non afectando para nada nin a capacidade económica do Concello, nin aos servizos que se prestan aos veciños, nin se contempla ningunha subida de taxas ou impostos municipais, senón que se manterán todas as bonificacións das mesmas establecidas en anos anteriores.

Motivo polo que moitos Concellos de distinta cor política, están a solicitar a derogación desta lei por que limita, a unha Administración Local saneada como é o caso do Concello de Cambados, a realización de gastos e investimentos necesarios para darlles un mellor servizo á veciñanza.

Por todo o anterior, e ao abeiro do establecido no artigo 23 da Lei Orgánica de Estabilidade Presupostaría e Sustentabilidade Financeira, e unha vez se incorpore o informe da Intervención Municipal, propónse ao Pleno da Corporación, Aprobar o presente Plan Económico Financeiro 2020-2021 nos termos que constan no citado documento."

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) considera que un ano e tres meses despois de tomar posesión o goberno despilfarra mais que o PP de Cambados algo que, considera, é de récord Guinness.

Refírese aos momentos en que o Sr. Charlín presumía de xestión e agora leva dous anos de despilfarro e derroche e de non presentar ningún proxecto de orzamentos.

Denuncia o incremento de gastos en limpeza con facturas dunha empresa que ascenden ata os 12.000 €; e alude ao mal estado do parque de Oubiña.

Cualifica o informe da Intervención como demoledor e di que o concelleiro de economía era o encargado de supervisar as contas na primeira metade do ano.

Denuncia a perda de 60.000 euros en baixas do Plan Concellos 2017 e ironiza con que agora haberán de botar as culpas ao Sr. Abal.

Di que o que se plantea é un rescate financeiro e como non se cumpre coa Lei montoro haberá que derogar a Lei.



Denuncia falta de capacidade de xestión e despilfarro.

Adianta a abstención do seu grupo a pesares de ser de récord guiness o derroche.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) manifesta a postura política da abstención do BNG en coherencia por formares parte do goberno do ano 2019. Recoñece a posibilidade de ser corresponsable desa situación.

Gustaríalle reciprocidade do goberno municipal en sacar adiante proxectos pendentes independentemente de que non formen parte do goberno.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) lembra ao Sr. Varela que formou parte do goberno cuatripartito da lexislatura anterior.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) di que a situación non é para dramatizar e tratase dun efecto dunha Lei anticuada. Denuncia a falta de responsabilidade do Sr. Abal Varela nas súas críticas cando formou parte do goberno anterior.

Di que ata o 15.06.2020 non había nada licitado e contratado cando neste ano lévase 1 millón de euros.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que non esta a favor deste punto da orde do día e sulíña que o goberno municipal gastou mais de un millón de euros.

Afirma que Xurxo Charlín foi o primeiro concelleiro de facenda cun salario e isto é unha mala xestión da que é responsable.

A Lei Montoro con problemas obrigou aos Concellos a facer axustes nas contas e o PP tivo que gobernar no contexto desa crise económica.

Di que nos anos 2009 ao 2015 os criterios eran outros e a presión das Administracións supramunicipais e a Lei obrigaba a reducir eses gastos.

A Interventora obriga a reter fondos para amortizar débeda, afrontar o capítulo I e gastos xerais.

Da conta da xestión de 2,5 millóns de euros dos fondos Fomit na época do seu goberno.

Da conta dos límites de capacidade de endebedamento do 110% e o Concello de Cambados atopábase na época das súas responsabilidades no 34 %.

Comparar o 2020 co 2015 di que é irrisorio.

Manifesta que o 2019 se di aos empresarios que facturen en xaneiro para o ano seguinte, práctica coa que non está de acordo.

Matiza que a viaxe a Italia foron tres persoas e non catro, como di o Sr. Abal.

A Sra. Alcaldesa matiza que houbo viaxes moito mais caros que o de Fitur nos que houbo unha ou dúas persoas



O Sr. Charlín Trigo agradece ao BNG o seu voto favorable. Da conta do proxecto de Cabanillas e da rampla de Corvillón.

Apunta a que o Sr. Abal Varela foi dos concelleiros que mais gastou.

Asfaltados e a rotonda de Corvillón foron gastos que contratou o Sr. Abal Varela e atopábanse subvencionados.

Matiza o concepto da regra de gasto e nega que se trate dun rescate financeiro.

Di que o Concello de Cambados non tivo que solicitar préstamos como Vilagarcía e Noia.

Apunta que o período medio de pago é o mais baixo desde que hai rexistros e no contexto de crise actual e alude a redución da débeda.

Falta de 140.000 euros de recoñecemento do anterior Pleno e adianta 100.000 para o vindeiro Pleno.

O Sr. Abal Varela da conta de que o proxecto de soterrados fora contratado polo Partido Popular (2011 a 2015).

Apunta a que preguntará as veces que faga falta por non ser un experto en economía. Reitera o despilfarramento e denuncia a falta de limpeza no casco urbano e parroquias.

A Sra. Alcaldesa pregunta por se as limpezas trátase do ano 2019 ou do 2020.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) denuncia a viaxe de 4 persoas a Fitur; o traslado do letreiro da rotonda de Vilariño e insiste en denunciar despilfarro e falta de xestión.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) fai referencia ás palabras do Sr. Charlín en relación a 100.000 novos euros en facturas. Denuncia que presentar 250.000 euros en facturas non é unha boa xestión. Afirmar, ademais, que se están a presentar facturas atrasadas.

Denuncia que ata o de agora se estaba agardando 1 ano para conceder unha licenza de retello; dous meses de cita previa para servizos sociais e un pobo sucio, abandonado nas parroquias mais, aínda.

Denuncia que non se cumpre coa regra de gasto; que existe unha mala xestión económica e non se resolven os problemas dos veciños. Da conta de que a situación é peor agora que co cuatripartito.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) agradece ao grupo do BNG que vaia apoiar ao goberno.

Critica que o Sr. Abal Varela critique este Plan cando tiña responsabilidades de goberno na lexislatura anterior e que contratase gastos pola súa conta e risco cando existían subvencións ao cento por cento da Deputación Provincial.

Sometido a votación o Pleno, por nove votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG e sete abstencións dos



concelleiros integrados nos grupos municipais de PP e Grupo Mixto Cambados Pode adopta o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan Económico-Financeiro do Concello de Cambados para o período 2020-2021 nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente Acordo.

SEGUNDO.- Remitir o Plan á Comunidade Autónoma (Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro) e ao Ministerio de Facenda a través da plataforma habilitada o efecto na Oficina Virtual de Entidades Locais do mencionado Ministerio. O Plan deberá ser tamén remitido á Comisión Nacional da Administración Local para o seu coñecemento.

TERCEIRO.- A efectos meramente informativos, publicar anuncio de aprobación do Plan Económico-Financeiro no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Así mesmo, unha copia do Plan estará a disposición do público dende a súa aprobación ata a finalización da súa vixencia na sede electrónica desta Entidade Local.

3.- Expediente 5047/2019. Resolución recurso de reposición interposto pola "Ute Estevez y Container Orensanos S.L. y Soil Recovery S.L." fronte ao acordo do Pleno de 30.01.2020.-

O Sr. Secretario da conta do ditame, favorable, da Comisión Informativa de Obras e Servizos, por catro votos a favor dos concelleiros integrados no grupo municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG e grupo mixto Cambados Pode e tres abstencións dos concelleiros integrados no grupo municipal do PP do seguinte tenor literal:

“Visto o recurso de reposición, contra o acordo do Pleno do Concello de Cambados, de data 30 de xaneiro do 2.020, presentado por don Pedro Lucio Muriel Velasco, a medio de escrito con data de entrada no Rexistro Xeral Electrónico do Concello de Cambados, 16 de marzo do 2.020, NRE 327

Visto o informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello de Cambados, en data 1 de xuño do 2.020, que se pasa a transcribir de xeito literal:

“INFORME DE ASESORÍA JURÍDICA SOBRE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DO PLENO DO CONCELLO DE CAMBADOS, DE DATA 30 DE XANEIRO DO 2.020

Don Rafael Riveiro Álvarez, Letrado - Asesor Xurídico do Concello de Cambados, examinado o expediente administrativo tramitado e a vista do contido do mesmo, emito o seguinte informe xurídico baseado nos seguintes,

ANTECEDENTES

ÚNICO. Danse por reproducidos os contidos no acordo do Pleno do Concello de Cambados, de data 30 de xaneiro do 2.020. Acordo notificado á don Pedro Lucio Muriel Velasco, no nome e representación da mercantil “U.T.E. ESTÉVEZ CONTAINER ORENSANOS, S.L. y SOIL RECOVERY, S.L.”, en data 17 de febreiro do 2.020, segundo sedesprende do contido do xustificante de recepción no punto de acceso xeral 2.020-S-RE-257.

Por parte de don Pedro Lucio Muriel Velasco, en calidade de representante legal da citada



mercantil, a medio de escrito con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Cambados, 16 de marzo do 2.020, NRE 327, presentouse recurso de reposición contra a citada resolución.
FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO._ NORMATIVA DE APLICACIÓN: O réxime xurídico de aplicación ven determinado, entre outra, pola seguinte normativa:

* Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

* Lei 39/2.015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO._ Fundamenta don Pedro Lucio Muriel Velasco, as súas pretensións nas alegacións que de seguido se pasan a citar:

a)- “CONCURREN TODOS LOS REQUISITOS PARA ACORDAR LA RESOLUCIÓN DE MUTUO ACUERDO DEL CONTRATO ADJUDICADO A LA UTE. EL ACUERDO IMPUGNADO HA APRECIADO INCORRECTAMENTE LA EXISTENCIA DE UN SUPUESTO INCUMPLIMIENTO ASENCIAL QUE IMPEDIRÍA DICHA RESOLUCIÓN CONSENSUADA”:

En data 20 de maio do 2.014, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Cambados, NRE 2.950, o informe procedente do “Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra”, acerca dos seguintes extremos:

1º)- Si resultaban acreditadas as desviacións económicas alegadas pola empresa adxudicataria da xestión da Plataforma Loxística Inversa do Polígono Industrial Sete Pías.

2º)- Si resultaba acreditado que a devandita empresa levará a cabo as inversións iniciais ofertadas.

De dito informe poden extraerse as seguintes consideracións, que se pasan a transcribir, de xeito literal:

“Terceiro. Son dúas as cuestións fundamentais que se plantexan na consulta formulada polo Concello de Cambados:

a. Si se poden considerar debidamente xustificadas as desviacións económicas alegadas pola empresa e, no seu caso, cal sería o canon a liquidarlle.

b. Se queda acreditado a execución da inversión inicial ofertada.

Respecto desta última cuestión sinalar que a oferta da UTE ESCOR-SOIL lle obrigaba a facer unha inversión inicial na Plataforma Loxística por valor de 810.219,00 € (IVE excluído); sen embargo, a propia empresa adxudicataria recoñece que a inversión realizada na Plataforma ascendeu a 128.800,00 euros segundo o seguinte detalle:

EQUIPOS	UNIDADES	VALORACIÓN	COSTE
Pala cargadora	1	20.000 €	20.000 €
Microplanta compactadora	2	23.000 €	46.000 €
Contenedor caja abierta 25 m ³	2	3.550 €	7.100 €
Contenedor caja abierta 10 m ³	2	2.350 €	4.700 €
Prensa multiproducto	1	48.000 €	48.000 €
Mobiliario oficina y equipo informático	1	3.000 €	3.000 €
			128.800 €

Non obstante ó anterior, neste punto é preciso traer a colación o informe emitido o 14 de maio de 2014 polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Urbanismo que sinala o seguinte: “Segundo informa a Técnico de Medio Ambiente e á vista da documentación aportada pola



empresa UTE ESCOR-SOIL, cabe informar que ésta non realizou os investimentos previstos no prego de condicións por valor de 810.219,00 € (IVE excluído), nin tampouco quedan acreditados os investimentos polo importe de 128.800,00 € que sinala nos seus escritos, xa que nas contas anuais non figura contabilizado ningún inmovilizado material no seu Balance. Polo tanto, coa documentación adxunta, a empresa non acredita a realización de ningún investimento, debendo presentar para iso os respectivos contratos de compra e as correspondentes facturas acreditando o seu pago” É dicir, que o informe do Interventor do Polígono pon de manifesto que nin tan sequera a inversión de 128.800,00 euros (que a empresa afirma que fixo) aparece acreditada de forma fehaciente no expediente, ausencia de inversión que suporía o incumprimento dunha obriga esencial do contrato e que podería dar lugar á súa resolución anticipada.

Neste sentido lembrar que a potestade resolutoria conferida á Administración en relación cos contratos sometidos ao Dereito administrativo se enmarca dentro do ámbito das denominadas prerrogativas previstas na normativa contractual, concibidas pola doutrina como privilexios ou facultades exorbitantes, cuxo exercicio non se produce de xeito automático senón só cando o esixa o interese público implícito en cada relación contractual, fundándose así no servizo obxectivo aos intereses xerais que o artigo 103 da Constitución proclama da actuación administrativa.

O sentido e funcionalidade da resolución contractual encontra cobertura legal no Dereito común de obrigas e contratos, en tanto que, como sinalou o Tribunal Supremo na súa Sentenza do 17 de marzo de 1989 “os contratos administrativos non son senón unha figura especial, con modulacións características impostas pola súa vinculación ao cumprimento dos intereses públicos da institución contractual, séndolles de aplicación en definitiva, salvando esas peculiaridades e características, as normas e principios da dogmática do negocio xurídico, entre os que se encontra a figura da resolución contractual para o caso do seu incumprimento, nas obrigas recíprocas (artigo 1.124 do Código Civil e preceptos concordantes e a institución do resarcimento de danos e prexuízos a favor do acredor, que non é senón unha manifestación do principio do Dereito de obrigas de que o debedor debe reparar as consecuencias nocivas producidas por causa do seu incumprimento culpable (artigo 1.101 do Código Civil ...).”

O Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público contempla, nos seus artigos 223 a 225, unha regulación xeral das causas polas que pode operar a prerrogativa resolutoria, establecendo outra específica para cada tipo de contratos, recolléndose en concreto a aplicable ao contrato de xestión de servizos públicos nos artigos 286 a 288.

Por outra banda ha de sinalarse que só os incumprimentos de obrigas contractuais esenciais poden ser xeradores do lexítimo exercicio da potestade de resolución dos devanditos contratos e, iso, cando sexa esta opción a que máis convén ao interese público en liza.

Para a determinación da transcendencia dos diversos incumprimentos que se produzan, o Tribunal Supremo manifestou reiteradamente (Sentenzas do 16 de outubro de 1984, do 9 de outubro de 1987, do 23 de novembro de 1988, entre moitas outras) que ha de poñerse en cada caso atención ás circunstancias concorrentes, co fin de dilucidar si se está ante un verdadeiro e efectivo incumprimento das obrigas contractuais, revelador dunha vontade clara de non atender, dolosa o culposamente, os compromisos contraídos ou, pola contra, máis ben ante un mero atraso, desfase ou desaxuste en modo algún expresivo daquela vontade e, en definitiva, dun efectivo incumprimento da esencia dunha obriga.

Polo tanto, neste ámbito non toda irregularidade pode levar consigo a habilitación á Administración Pública para que exercite a súa potestade resolutoria, senón só aqueles supostos nos que o servizo deixa de prestarse ou préstase en condicións tales que se lesiona o interese público que se pretende satisfacer.

Así mesmo, para que proceda a resolución debe engadirse un último requisito que vén sendo esixido pola doutrina xurisprudencial (Sentenzas do Tribunal Supremo 14 de xuño de 2002, 14 de decembro de 2001, 1 de outubro de 1999,) e é que, para que quede lexitimada tan drástica



consecuencia, o incumprimento ha de ser relevante, no sentido de que afecte á prestación.

Sentado ó anterior, é preciso agora analizar as desviacións económicas alegadas pola empresa e, no seu caso, cal sería o canon a liquidar polo Concello de Cambados de acordo co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares. Neste aspecto o Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Urbanismo, no seu informe de data 14 de maio de 2014, informa ó respecto o seguinte:

“...Na actividade económica acadada respecto do proxecto de explotación previsto na adxudicación, de acordo coa información subministrada pola adxudicataria, prodúcense e acredítanse unhas desviacións do 99,1% no exercicio 2011, e do 96,02% no 2012 (en base as previsión ata xuño de 2012). Nembargantes, a crise económica sufrida estes anos non parece que sexa o único factor a ter en conta á hora de xustificar estas desviacións na actividade dunha empresa amplamente coñecedora do sector e da actividade, xa que logo non se realizaron os investimentos previstos e a planta, o longo dos exercicios 2010 a 2014, mantíña un único traballador; sendo os cifras de negocio que figuran nas contas anuais: 8.780 € para o exercicio 2011, 96.189,71 € para o 2012 e de 179.181€ para o exercicio 2013. Estas magnitudes reflicten que a empresa nestes exercicios desenvolve a actividade de forma totalmente diferente d prevista na súa proposta de adxudicación, motivando en gran medida parte das desviacións”.

Do exposto no informe emitido pola Deputación de Pontevedra, extraese que a concesionaria non realizou os investimentos previstos no prego de condicións, por valor de 810.219,00 € (IVE excluído) e que debían ser realizados no primeiro ano de establecemento, de que se trata dunha empresa amplamente coñecedora do sector e da actividade, que ó longo dos exercicios 2010 a 2014, mantivo un único traballador, e que polo tanto, a empresa nestes exercicios desenvolveu a actividade de forma totalmente diferente á prevista na súa proposta de adxudicación, motivando en gran medida parte das desviacións producidas.

O artigo 206 da LCSP, en relación co artigo 262, refire como causa de resolución o incumprimento das obrigas contractuais esenciais. Efectivamente, o contido da oferta da adxudicataria vincula a aquela pasando a formar parte do contido obrigacional do contrato administrativo, polo que o contratista ten a obriga de realizar as inversións propostas no servizo, nos termos recollidos no plan que ela mesma presentou.

A entidade das inversións ofertadas, tanto dende o punto de vista cualitativo como cuantitativo, e a súa especial conexión co obxecto do contrato, permiten cualificar o cumprimento do plan de inversións como unha obriga esencial, obriga cuxo incumprimento habilita legalmente á resolución contractual.

Neste sentdo, a Sentencia Número 788/2.007, ditada pola Sección 3º, da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, de data 5 de novembro do 2.007, en cuxa virtude: “Así, la Jurisprudencia de la Sala Tercera Tribunal Supremo mantiene con uniformidad que, al margen de la alteración de la economía del contrato por la “potestas variandi” de la Administración y por el llamado “factum principis”, los demás supuestos de alteración acontecidos por hechos imprevisibles y ajenos a las partes contratantes dan lugar al restablecimiento del equilibrio económico cuando, fundamentalmente, lo que está en juego es la prestación indirecta de un servicio público mediante la técnica de la concesión, y ello por cuanto si se admite la posibilidad de mantener el equilibrio financiero del contrato mediante la coparticipación en los riesgos de ambas partes, es porque de este modo se garantiza la continuidad y buena prestación del servicio, en el que la Administración está directamente interesada, y en este fundamento insiste siempre tanto la doctrina como la jurisprudencia, que dejan bien claro que no se trata de salvar al contratista privado a toda costa de los riesgos que no son imputables directa o indirectamente a la Administración, sino de velar por el mantenimiento del servicio, de manera que cuando éste no está en juego rige el principio del riesgo y ventura para el contratista, principio que aún propio del contrato de obra se extiende al resto de la contratación administrativa, de modo que el contratista no tiene una especie de



seguro a cargo de la Administración que le cubra de todos los riesgos de su actividad, pues la actividad empresarial es por esencia imprevisible, y del mismo modo que la marcha de los acontecimientos puede determinar ganancias para el empresario, esta misma marcha puede hacer que sufra pérdidas y no por ello tales pérdidas ha de compartirlas siempre y en todo caso la otra parte contratante - pues el que arriesga su dinero en un negocio asume como premisa que determinadas actividades son de suyo una apuesta en la que se puede ganar o perder -, en este caso la Administración, y es por esta razón por la que el Tribunal Supremo acude a la aplicación del más tradicional principio propio de la contratación privada de la cláusula "rebus sic stantibus", que desde luego no garantiza tampoco y en todo caso las eventuales pérdidas que pueda padecer uno de los contratantes.

En este sentido, es una constante en la Jurisprudencia que aplica la teoría del riesgo imprevisible la exigencia de que la ruptura de equilibrio financiero del contrato se deba a circunstancias y alteraciones económicas extraordinarias, anormales, imprevistas y profundas que afecten grandemente a éste, (Sentencias de la Sala Tercera del Tribunal Supremo de 30 de Abril de 1.999, 20 de Mayo de 1.999 y 30 de Abril del 2.001 , entre otras), de manera que determinadas oscilaciones de precios no tienen aquel carácter extraordinario o anormal cuando se trata de expectativas o avatares propias de los negocios, (STS de 4 de Junio del 2.001).

Por su parte, en cuanto a la cláusula "rebus sic stantibus" dice la Sala Tercera del Tribunal Supremo en Sentencia de 17 de Enero del 2.001 que la aplicación de la cláusula "rebus sic stantibus", desde la perspectiva del art. 1258 del Código Civil, ha permitido afirmar al Tribunal Supremo, Sala Primera, que la imprevisibilidad ha de acreditarse en forma racionalmente contundente y decisiva, (Sentencia de 23 de Junio de 1.997); la cláusula "rebús" se convierte así en un instrumento que permite establecer equitativamente el equilibrio de las prestaciones que exige, (Sentencias de 23 de Abril de 1.991 y 24 de junio de 1.993): a) una alteración extraordinaria de las circunstancias en el momento de cumplir el contrato en relación con las concurrentes al tiempo de su celebración, b) una desproporción exorbitante, fuera de todo cálculo, entre las prestaciones de las partes contratantes que verdaderamente derrumben el contrato por aniquilación del equilibrio de las prestaciones y c) que todo ello acontezca con la sobrevenida de circunstancias radicalmente imprevisibles".

A parte recurrente, alega en definitiva que, a previsión inicial contida no proxecto de mecanización e viabilidade económica da plataforma loxística, diminuíu considerablemente.

Da xurisprudencia anteriormente referida conclúese que debe efectivamente acreditarse pola parte recurrente, "la sobrevenida de circunstancias radicalmente imprevisibles". Pois ben, tal e como se desprende do contido do expediente administrativo, tal extremo non foi acreditado pola parte recurrente. E elo, con independencia de que, efectivamente, a previsión das toneladas de lixo que se poderían recoller contidas no proxecto aportado pola propia parte recurrente, documento que formaba parte do expediente de contratación, fose excesivamente optimista, e dicir: a imprevisibilidade da que fala a xurisprudencia do Tribunal Supremo, cando nunha concesión de servizo público prodúcese unha forte caída da demanda, alude a acontecementos extraordinarios que fan que un determinado índice de demanda que se mantén ata un momento concreto, caia pola aparición de eses acontecementos que hasta ese momento non se tiñan producido, circunstancias que, no se acreditaron no presente caso.

No ditame pericial sobre a actual razonabilidade económica das condicións en base as cales articulouse o proxecto da plataforma loxística inversa, elaborado pola consultora "ACCURACY", en data 22 de setembro do 2.014, en concreto ao seu folio 46, obrante ao expediente administrativo, faise constar: "al ser las entradas de residuos un 98% inferiores a las estimadas en el pliego de condiciones, y al no preverse que dicha situación varíe en el tiempo, está provocando que UTE ESCOR SOIL no vaya a generar los recursos necesarios, vía ventas, para poder hacer frente a sus costes". Agora ben, non se aporta acreditación algunha da razón de esa enorme diferenza, e dicir, no se concreta cal foi o feito imprevisible, o acontecemento extraordinario que tivo motivado un cambio de tal magnitude na previsión do porcentaxe de entradas de residuos respecto ao previsto naquel proxecto aportado pola propia parte



recorrente, documento que formaba parte de expediente de contratación, e que vincula a ambas partes.

Por último, debe sinalarse que, tal e como recoñece a parte recorrente, esta, non cumpriu un dos termos contidos no contrato suscrito en data 16 de setembro do 2.010. De acordo con dito contrato, a parte recorrente se comprometía a efectuar unha inversión por importe de un millón setenta e catro mil catrocentos vinte oito euros, (1.074.428 €), inversión total que, como ten recoñecido a parte recorrente non se realizou, o que determina o incumprimento de unha obriga esencial contida no corpo do contrato.

Non acreditada a concorrencia dos supostos alegados pola parte recorrente, non procede tampouco o recoñecemento da responsabilidade patrimonial do Concello de Cambados.

Por todo o exposto, procede necesariamente a desestimación da primeira das alegacións formuladas pola recorrente.

b)-“A MAYOR ABUNDAMIENTO: CABE APRECIAR QUE SE HA PRODUCIDO YA UNA RESOLUCIÓN DE MUTUO ACUERDO TÁCITA. LA ACTUACIÓN DE ESTA ADMINISTRACIÓN CONFIRMA SU VOLUNTAD DE DESISTIR DEL CONTRATO”:

De acordo co previsto no artigo 1.282 do C.C.: “Para xulgar a intención dos contratantes, terá que atenderse principalmente aos actos de estes, coetáneos e posteriores ao contrato”.

Pois ben, aplicado o contido do artigo citado ao suposto que nos ocupa, resulta que non nos atopamos, en ningún caso, con feitos concluíntes e inequívocos para ser admitida, por parte do Concello de Cambados, unha aquiescencia, “tácita”, á resolución do contrato intentada de contrario, máxime cando dos actos posteriores, tanto da administración, como da empresa adjudicataria do contrato, adecuados para xulgar sobre a intención dos contratantes, (aos efectos do previsto no artigo citado con anterioridade), revelan, a preservación do contrato e a repulsa da súa resolución de mutuo acordo tácita.

En efecto, consultados que foron os arquivos municipais, resulta que a medio de escrito, presentado por don José Perfecto Cabanelas Calvelo, con DNI número 33.262.357-Y, no nome e representación da mercantil “U.T.E. ESTÉVEZ CONTAINER ORENSANOS, S.L. y SOIL RECOVERY, S.L.”, con NIF número U-32.408.312, con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Cambados, 28 de xuño do 2019, NRE 3.641, interesouse a resolución do “Contrato de recollida, transporte, xestión e tratamento de residuos industriais e / ou urbanos na Plataforma loxística inversa do Polígono industrial de Sete Pías”, como consecuencia da exclusión da “UTE XESTIOMA”, da entidade “SOIL RECOVERY, S.L.”, ao ter debido en “unipersonal”, feito, este, concluínte e inequívoco, contrario á pretendida resolución de mutuo acordo tácita.

Por todo o exposto, procede necesariamente a desestimación da segunda das alegacións formuladas pola recorrente.

En atención ao anteriormente exposto no presente informe, a Asesoría Xurídica do Concello de Cambados entende que resulta procedente.

1º)- DESESTIMAR ÍNTEGRAMENTE o recurso de reposición, formulado por parte de don Pedro Lucio Muriel Velasco, en calidade de representante legal da mercantil “U.T.E. ESTÉVEZ CONTAINER ORENSANOS, S.L. y SOIL RECOVERY, S.L.”, a medio de escrito con data de entrada no Rexistro Xeral Electrónico do Concello de Cambados, 16 de marzo do 2.020, NRE 327.

2º)- CONFIRMAR o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambados, de data 30 de xaneiro do 2.020, sobre desestimación da solicitude de resolución de mutuo acordo do Contrato de recollida, transporte, xestión e tratamento de residuos industriais e / ou urbanos na



Plataforma loxística inversa do Polígono industrial de Sete Pías, subscrito en data 16 de setembro do 2.010, entre o IPESPO e a citada mercantil.

E para que así conste emito o presente informe xurídico, sen perxuício de calquera outro mellor fundado en dereito”.

Polo exposto e no exercicio das competencias atribuídas na lexislación vixente, en particular, Disposición Adicional Segunda da LCSP, en relación co artigo 194 do mesmo texto legal, o PLENO DO CONCELLO DE CAMBADOS, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO._ DESESTIMAR ÍNTEGRAMENTE o recurso de reposición, formulado por parte de don Pedro Lucio Muriel Velasco, en calidade de representante legal da mercantil “U.T.E. ESTÉVEZ CONTAINER ORENSANOS, S.L. y SOIL RECOVERY, S.L.”, a medio de escrito con data de entrada no Rexistro Xeral Electrónico do Concello de Cambados, 16 de marzo do 2.020, NRE 327.

SEGUNDO._ CONFIRMAR o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambados, de data 30 de xaneiro do 2.020, sobre desestimación da solicitude de resolución de mutuo acordo do Contrato de recollida, transporte, xestión e tratamento de residuos industriais e / ou urbanos na Plataforma loxística inversa do Polígono industrial de Sete Pías, subscrito en data 16 de setembro do 2.010, entre o IPESPO e a citada mercantil.

TERCEIRO._ FACULTAR A ALCALDESA DO CONCELLO DE CAMBADOS, tan amplamente como en dereito sexa posible, para o cumprimento do presente acordo, e, en xeral para levar a cabo calquera actuación relacionada co mesmo.

CUARTO._ Notificar a presente resolución aos interesados xunto co réxime de recursos que proceden contra a mesma.”

O Sr. Aragunde Aragunde di querer intervir adiantando o voto a favor desta proposta e matiza que se atacou ao seu grupo con este tema.

Defende que esta foi unha xestión do PP, unha grande xestión do PP cunha empresa que se comprometeu a pagar un canón de 90.000 euros ao ano.

Manifesta que houbo un aval que agora se poderá executar. Di que ninguén quería ese desenlace, pero defende o proceso.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) adianta que votarán a favor e apoiarán ao goberno neste proceso técnico administrativo.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que tamén votarán a favor por considerar lóxica a tramitación e poder ser un interesante investimento no futuro para o Concello de Cambados.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) di que tras esa grande xestión que di o Partido Popular agora non se pode usar a instalación.

Refírese as rendas obtidas das naves ubicadas no polígono cando antes non se estaba a recaudar.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) considera importante a unanimidade neste asunto.

Di que se trata de que non é posible unha resolución por mutuo acordo.



Denuncia que a empresa non cumpríu o pactado e que ten que responsabilizarse desta situación.

En relación á intervención do grupo popular considera que a intención puido ser boa, pero o resultado non.

Sometido a votación o Pleno, por unanimidade dos seus membros adopta o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR ÍNTEGRAMENTE o recurso de reposición, formulado por parte de don Pedro Lucio Muriel Velasco, en calidade de representante legal da mercantil “U.T.E. ESTÉVEZ CONTAINER ORENSANOS, S.L. y SOIL RECOVERY, S.L.”, a medio de escrito con data de entrada no Rexistro Xeral Electrónico do Concello de Cambados, 16 de marzo do 2.020, NRE 327.

SEGUNDO.- CONFIRMAR o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambados, de data 30 de xaneiro do 2.020, sobre desestimación da solicitude de resolución de mutuo acordo do Contrato de recollida, transporte, xestión e tratamento de residuos industriais e / ou urbanos na Plataforma loxística inversa do Polígono industrial de Sete Pías, subscrito en data 16 de setembro do 2.010, entre o IPESPO e a citada mercantil.

TERCEIRO.- FACULTAR A ALCALDESA DO CONCELLO DE CAMBADOS, tan amplamente como en dereito sexa posible, para o cumprimento do presente acordo, e, en xeral para levar a cabo calquera actuación relacionada co mesmo.

CUARTO.- Notificar a presente resolución aos interesados xunto co réxime de recursos que proceden contra a mesma.

4.- Expediente 1627/2020. Proposta de Cambados Pode interesando a reapertura gradual do mercadillo.-

O Sr. Secretario da conta do ditame da Comisión Informativa de Comercio, Promoción Económica, Infancia e Novas Tecnoloxías por (1) un voto a favor do grupo mixto Cambados Pode e (6) seis abstencións dos grupos municipais de PP, PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG en relación coa proposta presentada polo grupo municipal Cambados Pode, na que se recolle o seguinte:

“Nestas últimas datas estamos vendo como tódolos concellos da contorna están procedendo á reapertura dos mercadillos de postos ambulantes despois da etapa de confinamento vivida polo Covid-19. Pouco a pouco, a medida que avanza as fases de desescalada é moi necesario reactivar a economía local.

No caso do Concello de Cambados atopámonos cunha situación insólita na que o goberno municipal está poñendo tódalas trabas posibles para que a reapertura do mercadillo ambulante se faga na mesma localización que ata o de agora, impondo de forma autoritaria un traslado cara á Rúa Nova sen consultalo previamente cos vendedores e veciños afectados.

O Concello de Cambados está a tentar aproveitar a coxuntura económica e social que estamos a vivir polo coronavirus para levar a cabo esa promesa electoral. Todos coñecemos a



importancia do distanciamento social (dispersión da poboación), controis de aforo e equipos de protección individual (máscaras, luvas, etc.) así como unha correcta hixiene de mans.

Esta hipotética nova localización significaría aumentar a densidade de persoas por unidade desuperficie nunha rúa moi frecuentada xa que se trata dunha zona moi comercial e con moitos residentes formando parte do colectivo de risco de máis de 65 anos.

Polo tanto o traslado pretendido polo goberno municipal provocaría claramente un aumento do risco de contaxio, tanto para os clientes como para os propios vendedores e tamén para os residentes. Ante esta situación de inseguridade sanitaria e ante a negativa dos vendedores e veciños a este traslado propoñemos a este Pleno o debate e aprobación dos seguintes puntos.

O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDA:

1º.- *Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a reabrir gradualmente o mercadillo ambulante permitindo a instalación dos postos de alimentación na mesma localización que ata o momento, na explanada enfronte ao supermercado Gadis, cumprindo coas medidas de seguridade implementadas polas Autoridades Sanitarias.*

2º.- *O Concello de Cambados non abordará o proxecto de cambio de localización do mercado ambulante sen consensualo previamente con veciños e vendedores e ata que se normalice a situación económica e social que estamos a vivir por mor do coronavirus.*

O Sr. Abal Varela di que é unha moción a raíz dunha polémica tras denuncias de ameazas presentadas polos ambulantes do mercadillo da contorna do mercado de abastos.

Denuncia que se tardou quince días en reabrirse ese mercado.

Manifesta que hai un risco sanitario polo traslado a rúas que xa son de por si moi transitadas (Rúa Nova e do Hospital), estase a incrementar a densidade e os riscos de contaxio.

Di que levando a esas persoas se incrementa o risco de contaxio e que había dificultades co canal de comunicación.

Considera que se trata de levar á práctica un programa dun partido político aproveitando o confinamento.

(Critica as interrupcións da Sra. Alcaldesa).

Di que se solicitan dous puntos (o primeiro xa se está cumprido) e interesa unha consulta aos afectados en sintonía cos principios de actuación que foron asinados polo cuatripartito.

Matiza que a emenda do BNG non cambia nada o resultado da moción porque, considera, as restriccións actuáis provocadas pola Covid-19 van permanecer.

Solicita consenso co sector, non unanimidade porque iso, recoñece, é algo complicado.

Denuncia que o Sr. Concelleiro de Economía retrasou a apertura e que había



autónomos en verdadeiras dificultades. Di compartir que as taxas de Portos de Galicia son excesivas.

Da conta do artigo do Diario de Pontevedra do 10 de maio no que se denuncian ameazas do concelleiro de economía aos ambulantes.

A Sra. Alcaldesa da conta dunha reunión mantida en compañía do concelleiro de mercados co sector alimentario e as 10 persoas onde dixeron que non querían montar ata que se instalase a roupa.

Di que lle trasladaron que para non vender non viñan e ata que houberse mercado e viñesen os da roupa non ían vir.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG), di que en relación a este punto habería que aclarar que se falaba do traslado do mercado e había dúbidas en relación a se se acometía como consecuencia da pandemia ou proxecto dun determinado grupo político.

Plantea unha emenda á proposta do seguinte tenor literal,

“Substituír o punto 2º por:

2º Instar ao goberno municipal a que o traslado do mercado á Rúa Nova e á Rúa Hospital, se faga previa campaña informativa cos vendedores e veciños, cando desaparezan as restricións actuais provocadas pola Covid-19.”

Afirma que non lle parece mal o traslado a esas rúas pero que non lle parece ben que non se aclare a motivación da mesma.

Di que se houbera que consensuar todo na Praza de Fefiñáns, por exemplo, seguirían pasando os coches na actualidade e non estaría peonalizada.

A cuestión, di, é ter claro o que queres facer pero sen necesidade de chegar ao consenso total.

Argumenta que a emenda se plantea en relación á necesidade de facer unha campaña informativa previa entre veciños e comerciantes, sen necesidade de consensuar nin manipular.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) di estar a favor da emenda do BNG pero manifesta unha nova emenda de substitución no punto primeiro,

“1. Instar ao goberno municipal a manter a reubicación do mercado no paseo marítimo e na Rúa Nova e Hospital mentres permaneza a obrigatoriedade de distanciamiento social e as medidas de prevención hixiénico sanitarias formuladas polo goberno estatal e autonómico”

Manifesta que cando se mantivo a reunión cos ambulantes se lles explicou que para manter o número de participantes había que ampliar o espazo para dar cumprimento as medidas de restricción do Covid.

Afirma que os ambulantes manifestaron a intención de continuar na ubicación da Rúa Nova.



Considera que o obxectivo é conciliar o distanciamento social coa afluencia de todos os ambulantes.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) considera que se fixo ben a reapertura do mercado agradecendo a labor desenvolvida polo concelleiro Fernando Patricio.

Atopa eivas na moción porque considera que as medidas de prevención non se poden considerar atrancos.

A Sra. Alcaldesa di que o que se intenta e adaptar a proposta á actualidade na que hai que lamentar rebotes.

A Sra. Fole Trigo (PP), di atoparse de acordo coa reactivación do mercado, o que non entende é o retraso na súa apertura. Consta que sempre se quixo reabrir o mercado, cun comunicado de todos os vendedores no que manifestan que sí querían montar, e lembra que o concelleiro deu esta nova sen poñerse en contacto cos vendedores.

Afirma que non se lles deu opción de falar coa Alcaldía. Di que se acordou a ampliación á Avenida de Galicia, sen ningún consenso nin información.

Denuncia falta de información e que se está entrando en dirección contraria no Gadis e alude a casos concretos.

Pide non ser oportunistas para manter este cambio e considera fundamental a información aos comerciantes.

A Sra. Alcaldesa di non entender porque non se puideron poñer en contacto con ella, e da conta de que dispón de redes sociais, teléfono móbil e o mail de alcaldía que figura na páxina do Concello. Argumenta que enviaron un correo á secretaria do Concello e non á alcaldía.

(Ás 22:33 ausentase momentaneamente da sesión a Sra. Oubiña Vázquez).

A Sra. Fole Trigo (PP) di sorprendelle que coas noticias que había non se puxera en contacto cos representantes do colectivo.

(Ás 22:34 reincorpórase á sesión a Sra. Oubiña Vázquez).

A Sra. Alcaldesa di que se puxo en contacto en canto tivo coñecemento do problema e deu cita para o día seguinte. Di que se ela non se puxo en contacto antes foi porque había un concelleiro delegado co que si estaban en contacto.

A Sra. Fernández Pérez (PP) di que facilitou o seu teléfono para que se puxera en contacto con ela.

A Sra. Alcaldesa di que facilitou o seu teléfono persoal.

A Sra. Fernández Pérez (PP) nega que facilitara o teléfono persoal da Sra. Alcaldesa.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) pide que non se digan tantas mentiras. Da conta



dos trámites que tiveron que seguir uns veciños para obter unha cita cos concelleiros do goberno.

Di que ter unha reunión cun concelleiro do equipo de goberno é imposible. Di que non ten problema en facilitar o seu teléfono persoal porque está a disposición de todos os veciños e do servizo público.

Di que é da opción de falar cos veciños e de contar cos informes favorables do asesor xurídico e da Policía Local polos riscos que conleva para a saúde das persoas.

Adianta que votarán en contra da emenda de Somos Cambados e a do BNG cáseque igual poderíamos apoiala cunha abstención.

(O Sr. Abal Varela e Caamaño discrepan en relación aos conceptos de consenso e unanimidade.)

O Sr. Charlín Trigo di que se chamou aos ambulantes seis ou sete veces. Di que si se explicou a cuestión aos ambulantes.

Da conta das diferentes fases e do cumprimento das proporcións de ocupación e do cumprimento das medidas de seguridade.

Fai un repaso de todos os contactos mantidos cos ambulantes e das medidas de seguridade consideradas no curso do procedemento.

Considera que o Pleno se debe pronunciar consonte ao posicionamento dos ambulantes, de non facelo así non poderían asistir todos estes.

O Sra Fole Trigo (PP) di que os ambulantes manifestaron a súa disconformidade e recibiron ameazas do concelleiro de economía segundo o publicado na prensa.

Denuncia a falta de comunicación cos ambulantes e di apoiar a moción de Cambados Pode coa aportación do BNG e se opón ao posicionamento de Xurxo Charlín por desvirtuar o seu contido.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) pide que se busquen outras zonas.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) denuncia que se minte de forma compulsiva por parte do goberno municipal e cualifica o procedemento de chapuza e falto de transparencia. Denuncia as ameazas do Sr. Charlín aos ambulantes segundo consta nas publicacións do Diario de Pontevedra.

Di que votará en contra das emendas da marea galeguista de Tino Cordal.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) di que no expediente si que constan os informes, e pídelle ao Sr. Abal Varela respecto á institución e aos veciños de Cambados.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) explica que Somos Cambados é unha plataforma con liberdade de sufraxio activo e pasivo fóra das eleccións municipais e solicita respecto aos membros da súa organización por parte do Sr. Abal Varela.



(Prodúcese un intercambio de palabras entre a Sra. Alcaldesa e o Sr. Abal Varela).

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que o seu grupo centrouse, únicamente, no asunto obxecto de debate.

Sometida a votación a emenda presentada polo grupo municipal do BNG aprobase cos votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG (9) e os votos en contra dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PP e Cambados Pode (7).

Sometida a votación a emenda presentada polo grupo municipal de Somos Cambados aprobase cos votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG (9) e os votos en contra dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PP e Cambados Pode (7).

Sometida a votación a proposta emendada o Pleno, por nove votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG e sete votos en contra dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PP e Cambados Pode adopta o seguinte,

ACORDO:

1. Instar ao goberno municipal a manter a reubicación do mercado no paseo marítimo e na Rúa Nova e Hospital mentres permaneza a obrigatoriedade de distanciamiento social e as medidas de prevención hixiénico sanitarias formuladas polos gobernos estatutais e autonómico.
2. Instar ao goberno municipal a que o traslado do mercado á Rúa Nova e á Rúa Hospital, se faga previa campaña informativa cos vendedores e veciños, cando desaparezan as restricións actuais provocadas pola Covid-19.

5.- Expediente 1685/2020. Proposta de Cambados Pode instando a aprobación dun convenio de colaboración e unha Comisión de seguimento de reconstrucción económica e social para afrontar a crise derivada do Covid-19.-

O Sr. Secretario da conta do ditame da Comisión Informativa de Comercio, Promoción Económica, Infancia e Novas Tecnoloxías por (3) tres votos a favor dos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG e catro (4) abstencións grupos municipais de PP e grupo mixto Cambados Pode do seguinte tenor literal,

“Estámonos decatando polos medios de comunicación das medidas que o goberno municipal de Cambados está poñendo en marcha para afrontar a crise do coronavirus. Aos partidos políticos da oposición non se nos permite facer propostas nen consensualas co equipo de goberno, xa que dende o pasado 12 de marzo de 2020 non se celebran plenos.

Entendemos que se deben ter en conta a tódolos sectores económicos locais afectados pola pandemia pois en Cambados os sectores productivos do viño e do mar son moi importantes aparte da hostalería e o comercio local. Tampouco debemos esquecer o resto de sectores afectados: musical, cultural, industrial, sector servizos, etc., pois todos eles están estreitamente entrelazados.

Cremos necesario a redacción e aprobación dun convenio de colaboración entre Concello e



os diversos sectores económicos afectados e da súa comisión de seguimento de reconstrución económica e social, xa que sería un instrumento útil para que de forma coordinada e organizada, entre todos, poidamos propoñer, debater tódalas propostas e consensuar un plan de reconstrución económica e social que culmine nuns novos presupostos municipais para Cambados.

Este convenio de colaboración e a súa comisión de seguimento entendemos que debería estar formada polos seguintes representantes:

- 1.- Representante de FECA (Federación de empresarios da Comarca de Arousa)
- 2.- Representante do Grupo Municipal do Partido Popular de Cambados.
- 3.- Representante do Grupo Municipal do Partido Socialista de Cambados.
- 4.- Representante do Grupo Municipal do BNG de Cambados.
- 5.- Representante do Grupo Municipal de Somos Cambados de Cambados.
- 6.- Representante do Grupo Municipal de Cambados Pode de Cambados.
- 7.- Representante da Asociación Galega de Empresarios Depuradores de Moluscos AGADE.
- 8.- Representante da D.O. Rías Baixas.
- 9.- Representante da Confraría de Pescadores "SAN ANTONIO" de Cambados.
- 10.- Representante da Asociación de Mejilloneros de San Saturnino de Cambados.
- 11.- Representante do Sindicato CIG – Confederación Intersindical Galega.
- 12.- Representante do Sindicato CC.OO. - Comisións Obreiras.
- 13.- Representante do Sindicato UGT – Unión Xeral de Traballadores.

Quedaría aberta a posibilidade de incorporación de novos membros que poidan xurdir próximamente mediante unha petición por escrito e aprobación da súa admisión por parte da comisión de seguimento.

O carácter desa comisión de seguimento de reconstrución económica e social será meramente consultivo, reservando a potestade de toma de decisións ao equipo de goberno do Concello de Cambados.

A periodicidade das xuntanzas desta comisión de seguimento será MENSUAL, tendo lugar o primeiro luns de cada mes no Salón de Plenos do Concello de Cambados.

A presidencia desta Comisión de Seguimento corresponderá á Alcaldesa do Concello de Cambados.

Polo exposto propoño ditamíñese a seguinte proposta en sentido favorable e elévese ao Pleno o seguinte acordo.

O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDA:

Primeiro.- Redactar e aprobar un convenio de colaboración e unha comisión de seguimento de reconstrución económica e social para acordar un plan municipal, co cal afrontar a crise derivada do Covid-19 en Cambados.

Segundo.- A Comisión de Seguimento terá carácter consultivo e non vinculante, dependendo xerárquicamente da Alcaldía do Concello de Cambados. Únicamente exercerá funcións de proposta de actuacións relacionadas coas medidas económicas e sociais que deben ser consensuadas e debatidas para incluír no plan de reconstrución económico e social que deberá culminar nuns novos presupostos municipais para Cambados. Propostas que o Presidente trasladará aos Concelleiros ou órganos competentes.

Terceiro.- Integrantes:

Presidente: A Alcaldesa do Concello de Cambados.

Vogais: Un representante de cada un dos seguintes grupos municipais do Concello: Partido Popular, BNG, Cambados Pode e Somos Cambados mediante escrito presentado polo correspondente voceiro. Así mesmo por un representante da D.O. Rías Baixas, da Asociación de Comerciantes Zona Centro, das agrupacións sindicais CIG, CC.OO. E UGT, da Asociación Galega de Empresarios Depuradores de Moluscos AGADE, da Asociación de Mejilloneros de San Saturnino, da Federación de empresarios da Comarca de Arousa FECA e da Confraría de Pescadores "SAN ANTONIO" de Cambados, designado por eles. No caso de non proceder ao nomeamento no prazo de 15 días dende a invitación entenderáse que declinan integrarse na comisión de seguimento.

Poderán incorporarse novos membros mediante unha petición por escrito e aprobación da súa admisión por parte da comisión de seguimento.

Secretario: Un traballador do Concello nomeado pola Alcaldesa.

Cuarto.- Réxime de sesións, funcionamento e acordos:



Sesi3ns:

- *Ordinarias: O primeiro luns de cada mes. Convocar3se con 2 d3as h3biles de antelaci3n.*

- *Extraordinarias: Como m3ximo de 3, a instancia do Presidente.*

Para a v3lida constituci3n do 3rgano, a efectos da celebraci3n de sesi3ns, e toma de acordos, requirir3se a asistencia, presencial do Presidente e Secretario ou no seu caso, de quen o suplan, e da metade, polo menos, dos seus membros. Todos os acordos ser3n adoptados por maior3a simple.”

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) di que a proposta 3 similar 3 presentada no marco dos eventos do 2017 da Cidade Europea do Vi3o. Fai referencia a un reto moi complicado en relaci3n 3 crise sanitaria da Covid-19, e tam3n 3 creaci3n dunha Comisi3n deste tipo no Parlamento da naci3n.

Fai un repaso aos distintos representantes que conformar3an esta Comisi3n.

Di que se pretende escoitar a todos os sectores afectados ante un desafio complicado e amosar a unidade de todos os partidos pol3ticos. Solicita que todas as Administraci3ns poidan ir unidas.

Da conta dunha cl3usula na que se deixa aberta a posibilidade de incorporar outros membros nun marco que debe ser de esp3ritu comprensivo e sen crispaci3n pol3tica.

O Sr. Caama3o Rivas (BNG) di compartir a posici3n do Sr. Lago Oz3n no relativo a que ante as dificultades se debe amosar unidade e ante unha pandemia debemos estar unidos. Considera que nas primeiras decisi3ns adoptadas tras a crise a oposici3n foi considerada como mera espectadora.

Nese momento, considera, non era o momento de facer cr3ticas, non entra en minucias da moci3n e se se lle da posibilidade de colaborar nese asunto si adianta o seu apoio 3 proposta.

O Sr. Cordal Rodr3guez (Somos Cambados) di que atop3monos ante unha situaci3n cr3tica en relaci3n 3 crise sanitaria.

Non obstante, di que o informe do Secretario xen3ralles d3bidas en relaci3n ao procedemento a seguir para a constituci3n desta Comisi3n.

Di non ter claro o procedemento para a convocatoria de Comisi3n; desco3ece se se incrementa a eficiencia da xesti3n p3blica, se facilita a utilizaci3n conxunta de medios e servizos p3blicos, contrib3e 3 realizaci3n de actividades de utilidade p3blica e que o 3mbito territorial dos colectivos participantes non se cingue ao termo municipal de Cambados.

Considera que o procedemento, en canto 3 forma, manifesta algunhas eivas polo que adianta a s3a abstenci3n na votaci3n.

O Sr. Lago Oz3n (PsdeG-PSOE) di non opo3erse ao di3logo e lembra que os concelleiros mantiveron sucesivos contactos cos representantes dos sectores productivos en relaci3n a esta situaci3n.

Non obstante e visto o informe adxunto, considera que esta Comisi3n non ten base legal nin competencial para a s3a constituci3n adem3is de que ao mellor ser3a convinte modificar alg3n dos seus integrantes.



Considera, ademáis, que é posible que esta Comisión non resulte operativa polo que a súa postura será a abstención.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) adianta o voto a favor do seu grupo e cree que a medida que avanza os meses resulta máis que necesaria.

Critica a inacción do goberno municipal e di que o PP pediu medidas de reactivación e un Pleno que se celebró telemáticamente.

Lembra que pediu un Pleno, que se desinfectou tarde mal e arrastro, e que se debería ter copiado mais doutros Concellos.

Di que nese Pleno preguntou pola programación daquel momento (Albariño) e o Sr. Cordal contestou que non había de momento e que xa se faría no seu momento.

Di que do Albariño non se está a facer nada, tan só o Túnel do Viño que estaba en malas condicións. Di que o estado das paredes do Salón Peña desmerecen o acto.

Di que se lle están a poñer trabas a todo o mundo poñendo como exemplo ao Capítulo Serenísimos.

Di que se lle pediron unha serie de medidas que nada teñen que ver coa prevención do Covid-19 e que o Capítulo cumpría con todos os requisitos para celebrar o acto (dotación de xeles hidroalcohólicos, arco de medición de temperatura e distanciamento a dous metros).

Explica que se contaba cun informe de Sanidade que acreditaba a viabilidade para celebrar o acto que se debía limitar ao 75 % do aforo (300 persoas en lugares pechados e 1000 persoas ao aire libre).

Considera que se lle pediu documentación para actos que superan as 2000 persoas e que todo isto trátase de obstáculos non de prevención.

A Sra. Alcadesa di que todos os colectivos suspenderon actos e da conta de que o luns o DOG limitou as reunións a 25 persoas.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) denuncia a afluencia na sesión do Congreso dos Deputados.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) agradece o apoio dos grupos do BNG e PP e apénase polas abstencións dos outros grupos.

A Sra. Alcadesa di que obra un informe negativo no expediente.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) di que o informe non é negativo e considera unha mágoa que non exista unanimidade neste asunto pedindo o voto a favor de todos os grupos.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) reitérase na abstención do seu grupo político polos motivos expresados.



Di ser dos primeiros en tomar medidas con respecto a este asunto e das tarefas de Policía Local, Servizos Sociais, Operarios e Protección Civil.

Matiza que a programación do Albariño estaba feita desde principios de ano e se non se levou a cabo e porque pode haber un brote en calquera momento.

Considera que co Capítulo non se pode facer a vista gorda e que a mesma documentación se pediu a outras asociacións.

Considera, ademáis, que a forma de presentar a solicitude é unha chapuza de forma manuscrita e sen aportación de declaración responsable.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) pregunta ao Sr. Aragunde pola data do escrito de Sanidade.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) contesta que é de data 29 de xuño.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) da lectura ao seguinte parágrafo do DOG do 27.07.2020,

“Nos espazos privados, abertos ou pechados, de uso privado, recoméndase o uso de máscara, no caso de reunións ou de posible confluencia de persoas non conviventes, así como o mantemento da distancia de seguridade interpersonal e a aplicación de medidas de hixiene. Así mesmo, recoméndase limitar o número de asistentes aos mínimos posibles e que, en todo caso, non superen as 25 persoas”.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que de acordo co informe de Sanidade o Capítulo si podería celebrarse.

Di que hai que apoiar a proposta porque o Concello de Cambados non fai nada, e propón por exemplo: facer concursos telemáticos; catas de menos de 25 persoas, ...

Defende que o acto coa maior repercusión é o do Capítulo Serenísimos e o Concello de Cambados non o inclúe na relación de actos do programa.

Argumenta que o goberno no fai nada, está en contra do Capítulo Serenísimos e ten unha actitude hipócrita ante este.

Adoptar medidas de prevención non significa non facer nada, conclúe,

Si considera que se pode facer unha Comisión e que o Pleno debata as medidas propostas pola Comisión.

A Sra. Alcaldesa intervén e lembra ao Sr. Aragunde Aragunde que finalizou o seu turno de intervención e, ao abeiro do artigo 95 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, chámalo á orde por primeira vez.

Con posterioridade e de forma sucesiva á Sra Alcaldesa, continuando o Sr. Aragunde Aragunde coa súa intervención, chámalle a orde por segunda vez con advertencia de expulsión ante unha nova chamada.



Finalmente, e continuando o Sr. Aragunde Aragunde no uso da palabra, a Sra. Alcaldesa chámalo a orde por terceira vez e orde a súa expulsión do Pleno cando son as 23:50 horas.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) di rematar o acto cunha profunda tristeza.

Lembra que iniciativas similares no Concello de Madrid e en outras Comunidades Autónomas recibiron acordos unánimes o que constitúe un profundo erro do equipo de goberno.

A Sra. Alcaldesa di que igual ese tipo de Comisións están conformadas doutra forma e por iso as advertencias do informe de Secretaría.

Sometido a votación o Pleno, por sete votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP, BNG e Grupo Mixto Cambados Pode e sete abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, e Somos Cambados adopta o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Redactar e aprobar un convenio de colaboración e unha comisión de seguimento de reconstrución económica e social para acordar un plan municipal, co cal afrontar a crise derivada do Covid-19 en Cambados.

SEGUNDO.- A Comisión de Seguimento terá carácter consultivo e non vinculante, dependendo xerárquicamente da Alcaldía do Concello de Cambados. Únicamente exercerá funcións de proposta de actuacións relacionadas coas medidas económicas e sociais que deben ser consensuadas e debatidas para incluír no plan de reconstrución económico e social que deberá culminar nuns novos presupostos municipais para Cambados. Propostas que o Presidente trasladará aos Concelleiros ou órganos competentes.

TERCEIRO.- Integrantes:

Presidente: A Alcaldesa do Concello de Cambados.

Vogais: Un representante de cada un dos seguintes grupos municipais do Concello: Partido Popular, BNG, Cambados Pode e Somos Cambados mediante escrito presentado polo correspondente voceiro. Así mesmo por un representante da D.O. Rías Baixas, da Asociación de Comerciantes Zona Centro, das agrupacións sindicais CIG, CC.OO. E UGT, da Asociación Galega de Empresarios Depuradores de Moluscos AGADE, da Asociación de Mejilloneros de San Saturnino, da Federación de empresarios da Comarca de Arousa FECA e da Confraría de Pescadores "SAN ANTONIO" de Cambados, designado por eles. No caso de non proceder ao nomeamento no prazo de 15 días dende a invitación entenderáse que declinan integrarse na comisión de seguimento.

Poderán incorporarse novos membros mediante unha petición por escrito e aprobación da súa admisión por parte da comisión de seguimento.

Secretario: Un traballador do Concello nomeado pola Alcaldesa.

CUARTO.- Réxime de sesións, funcionamento e acordos:

Sesións:



- Ordinarias: O primeiro luns de cada mes. Convocarase con 2 días hábiles de antelación.
 - Extraordinarias: Como máximo de 3, a instancia do Presidente.
- Para a válida constitución do órgano, a efectos da celebración de sesións, e toma de acordos, requirirase a asistencia, presencial do Presidente e Secretario ou no seu caso, de quen o suplan, e da metade, polo menos, dos seus membros. Todos os acordos serán adoptados por maioría simple.

Ao quedar catro minutos para a chegada da medianoite a Sra. Alcadesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F. constando na convocatoria os puntos da orde do día da actividade de control dos que se da conta:

- Expediente 2435/2020. Dar conta da Liquidación do Orzamento 2019
- Expediente 101/2019. Dar conta do Informe de Intervención artigo 218.1 TRLRFL Exercicio 2019.-
- Dación en conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía.-

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

